

## Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

### 1 Identificación da materia

Denominación:

Antropoloxía (Ant)

### 2 Características da materia

Etapa educativa:

Bacharelato

Curso:

1º  2º

Tipoloxía:

Común  Obrigatoria de modalidade  De opción de modalidade  Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora  2 horas  3 horas  4 horas

Materia de contidos progresivos:

Si  Non

Materia previa necesaria:

--

Materia ponderable:

Si, pondera de cara ao acceso ao estudos universitarios  Non

Outras características:

- Deberá contar cun **mínimo de 10 alumnos/as** para poder ser impartida.

### 3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A principal finalidade da materia é a de realizar unha aproximación á antropoloxía. Permite abrir ao alumnado novos campos do saber que, no futuro, poderían converterse en estudos universitarios e nunha saída profesional alternativa.
- Os contidos da materia organizanse en catro grandes bloques.
- O primeiro é unha introdución xeral á antropoloxía a través da súa historia e das diferentes escolas de pensamento.
- Hai un segundo bloque dedicado á antropoloxía física, no que se estuda a evolución, centrándose no proceso de hominización.
- Un terceiro bloque ocúpase de antropoloxía cultural, onde se analizan os diferentes trazos culturais nos que se manifesta a especie humana.
- O último bloque, dedicado á antropoloxía filosófica, céntrase nas diferentes concepcións que tivo a filosofía do ser humano.

### 4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Orde do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do Bacharelato e se regula a súa oferta ([DOG do 27 de febreiro de 2023](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

